



BOLETÍN MENSUAL

FEBREIRO 2018

APE GALICIA

- ✓ APE GALICIA INICIA CON ÉXITO O NOVO CERTIFICADO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA E FINANCIERA DO COMERCIO INTERNACIONAL.
- ✓ APE GALICIA PECHA O CURSO DE COMERCIO ELECTRÓNICO REALIZADO DA MAN DE FÓRMATE.ES CON MOI BOAS CRÍTICAS.

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS E PEQUENAS EMPRESAS

- ✓ O DIARIO OFICIAL DE GALICIA PUBLICA ESTE MES AS BASES QUE REGULAN O PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN NA EMPRESA ORDINARIA. PROCEDIMENTO - TR342A.
- ✓ CONVÓCASE A SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA RESPONSABILÍZATE DIRIXIDO A AUTÓNOMOS E PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS.
- ✓ AUTÓNOMOS DESAMPARADOS TRALO PECHE DOS SEUS NEGOCIOS.
- ✓ OS PAES ALCANZAN RECORDS DE TEMPO EN TRAMITACIÓN A AUTÓNOMOS E EMPRESAS.
- ✓ OS AUTÓNOMOS: OS TRABALLADORES SEN HORARIO FIXO E FACENDO UN 25% MÁIS DE HORAS QUE OS ASALARIADO.
- ✓ MAPA DE APOIOS IGAPE 2018

APE GALICIA INICIA CON ÉXITO O NOVO CERTIFICADO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA E FINANCIERA DO COMERCIO INTERNACIONAL.

O día 1 de febreiro, na aula de formación de APE Galicia, daba comezo o curso para a obtención do Certificado de profesionalidade XESTIÓN ADMINISTRATIVA E FINANCIERA DO COMERCIO INTERNACIONAL, enmarcado dentro do programa Operativo de Emprego Xuvenil, o cal está previsto que remate a finais de agosto.

A finais da semana pasada pasouse o primeiro control de calidade do curso ós alumnos. Tamén se fixo no curso de AFD de MERCADOTECNIA E COMPRAVENDA INTERNACIONAL. Os resultados obtidos cumpriron as expectativas en ámbolos dous cursos en canto á organización, os materiais, as instalacións e os formadores. Si é certo que foron varios os alumnos que suxerían un aumento nas horas prácticas, xa que se facían escasas para poder poñer en práctica todo o aprendido e descubrir o funcionamento da empresa.

A idea de APE Galicia é facer que os seus alumnos se sintan o máis cómodos posibles e que aproveiten e disfruten ó máximo do curso. A asociación, como en cada curso que se imparte na aula de formación de APE, puxo a disposición do alumnado un ordenador portátil para o estudo. Así mesmo, esta fíxolle entrega de diversos materiais para que fosen portadores de un bo equipo de traballo. Entre eles atópanse bolígrafos, carpetas, pens, libretas...



A asociación tamén está traballando para poder concertar visitas didácticas de interese e facer máis atractivo o desenvolvemento do curso. Son varias as posibilidades que se están barallando, pero de momento non hai ningunha confirmada.

APE GALICIA PECHA O CURSO DE COMERCIO ELECTRÓNICO REALIZADO DA MAN DE FÓRMATE.ES CON MOI BOAS CRÍTICAS.

A segunda semana de febreiro remataba a parte presencial do curso de COMERCIO ELECTRÓNICO que a asociación iniciou no mes anterior da man con fórmate.es.

A docente elixida para a impartición, Patricia Maquieria, conseguiu chegar de fondo ós nosos participantes. Durante as clases mesturábase a revisión dos contidos e actividades da plataforma educativa con exposicións prácticas do tema en cuestión. Entre elas destacou a de creación de fotografías de calidade ou dun escaparate chamativo. “As clases pasan voando, nin conta nos damos da hora que é”, dicía unha das participantes. E é que os contidos do curso facíanse moi liviáns coa metodoloxía que se empregaba nas sesións.

O mellor de todo foi saber que algúns dos participantes crearon a súa propia páxina web para o seu negocio a partires dos contidos do curso.

Así mesmo, non só se realizou un curso, senón que se creou un vínculo de apoio entre os alumnos, pois o día a día e o vínculo de comerciantes que os une conseguiu como resultado que se fixeran boas migas. Proximamente citaráselos a todos eles para a entrega de diplomas e celebrar o remate con éxito do curso.



**O DIARIO OFICIAL DE GALICIA
PUBLICA ESTE MES AS BASES QUE
REGULAN O PROGRAMA DE
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN NA
EMPRESA ORDINARIA.**

PROCEDEMENTO - TR342A

O venres 3 de febreiro saen publicadas no Diario Oficial de Galicia as bases rexedoras da convocatoria de subvencións coa finalidade de facilitar a inserción laboral das persoas desempregadas que presentan desvantaxes e dificultades particulares para permanecer no mercado de traballo, favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade.

A convocatoria inclúe dous tipos de axuda compatibles:

a) Bono de contratación, por medio do cal se proporcionará unha subvención para a contratación indefinida inicial e a temporal cunha duración mínima de doce meses das persoas desempregadas de longa duración, persoas con discapacidade e persoas en risco de exclusión social.

b) Bono de formación (opcional) dirixido ás persoas contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orde.

O prazo de presentación remata o día 15 de outubro de 2018.

Para máis información preme no seguinte enlace:

<http://www.apegalicia.es/noticias/196-convocatoria-de-subvencion-programa-de-incentivos-a-contratacion-na-empresa-ordinaria#.WpbU9XyCHIU>

**CONVÓCASE A SEGUNDA
EDICIÓN DO PROGRAMA
RESPONSABILÍZATE DIRIXIDO A
AUTÓNOMOS E PEQUENAS E
MEDIANAS EMPRESAS.**

O martes 13 de febreiro de 2018 dábase publicidade no Diario Oficial de Galicia ás bases reguladoras e á convocatoria para a selección de pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas, ás que se prestarán servizos de diagnose ou análise do estado e potencial da RSE, formación e implantación das primeiras accións, a través do programa Responsabilízate.

AUTÓNOMOS DESAMPARADOS TRALO PECHE DOS SEUS NEGOCIOS.

Poderán ser beneficiarias do programa Responsabilízate as pequenas e medianas empresas (pemes), así como as persoas traballadoras autónomas, que teñan radicado o seu domicilio social ou que conten con algún centro de traballo en Galicia.

Os requisitos céntranse en: ter, cando menos, unha persoa traballadora por conta allea, que non superen os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou o seu balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros e non seren entidades sen ánimo de lucro.

O prazo estará aberto a partir da publicación destas bases no Diario Oficial de Galicia e ata que se acade o número de prazas máximo segundo a dispoñibilidade orzamentaria.

Unha vez cuberto o número de prazas máximo, pecharase a inscrición, o que será comunicado a través da páxina web <https://rse.xunta.gal> e da sede electrónica da Xunta de Galicia.



Para máis información preme no seguinte enlace:

<http://www.apegalicia.es/noticias/198-convocase-a-segunda-edicion-do-programa-responsabilizate-dirixido-a-autonomos-e-pequenas-e-medianas-empresas-#.WpbYiXyCHIV>

Comentábase no boletín do mes pasado que a nosa comunidade autónoma perdía en 2017 preto de 2500 autónomos. Este mes, coas cifras xa máis claras puidéronse rexistrar pasados os 2600.

As novas empeoran ó saber que do total de baixas rexistradas, só 380 solicitaron a prestación por ter dereito a ela (cotizaron por esta continxencia voluntariamente) pero a maioría quedaron sen cobrala. De todas elas só saíron favorables 195 destas peticións, segundo o balance da Seguridade Social. Esta xustificase asegurando que para recibir a prestación o autónomo debe de cumprir diversos requisitos que non sempre son sinxelos de cumprir. Entre eles: non ter débedas ca Seguridade social, demostrar que non tivo perdas por enriba do 10% dos ingresos durante un ano completo como mínimo, dar fe de que o negocio está pechado...

Como consecuencia disto, 2445 traballadores autónomos deron peche ós seus negocios sen cobrar ningunha prestación, e como denuncian as organizacións máis representativas do colectivo, con débedas contraídas coa administración, o que se converte nun lastre difícil de soltar para poder reemprender.

Outras comunidades que tamén se viron afectadas e que máis denegacións tiveron en relación a solicitudes foron:

COMUNIDADE	SOLICITUDES	DENEGACIÓNS
Andalucía	981	408
Madrid	673	305
C. Valenciana	472	226

OS PAES ALCANZAN RECORDS DE TEMPO EN TRAMITACIÓN A AUTÓNOMOS E EMPRESAS.

Os Puntos de Atención ao Emprendedor (PAE) encárganse de facilitar a creación de novas empresas o inicio efectivo da súa actividade e o seu desenvolvemento, así como de axudar ós autónomos nos primeiros pasos. Fano a través da prestación de servizos de información, tramitación de documentación, asesoramento, formación e apoio ao financiamento empresarial.

Estes puntos axilizan os trámites en tempo, de tal xeito que o 76% dos autónomos que se deron de alta a través de PAE fixérono en menos de 24 horas. E no caso de tratarse dunha baixa, os trámites tamén son reducidos. Por outra banda, máis do 60% das Sociedades Limitadas baixo estatutos tipo da rede PAE creáronse en menos de cinco días.

Sen dúbida, unha das vantaxes máis destacables é que facilita que haxa uns tempos de creación reducidos. Tamén o fai moi atractivo que os trámites se reducen a un formulario único e con un procedemento electrónico único.

Actualmente España conta con 3077 ventanillas deste tipo, das cales 206 se atopan na nosa comunidade autónoma.

PROVINCIA	Nº DE OFICINAS
A Coruña	92
Lugo	13
Ourense	34
Pontevedra	67

OS AUTÓNOMOS: OS TRABALLADORES SEN HORARIO FIXO E FACENDO UN 25% MÁIS DE HORAS QUE OS ASALARIADOS.

Ben é coñecido que o traballador autónomo sempre vota máis horas no seu traballo e que non teñen estipulado un horario laboral fixo, o que ten as súas vantaxes, pero tamén inconvintes. Pero esta vez non só son rumores, pois así o confirma a última Enquisa de Poboación Activa (EPA).

As diferenzas xa son palpables entre as horas de traballo semanal dun autónomo fronte ás horas dun autónomo asalariado. O primeiro adica unhas 40,7 horas de media, fronte ó segundo con 32,5 horas.

Pero a disparidade en horas aumenta cando falamos de autónomos que teñen ó seu carga a outros traballadores, pois o número de horas media ascende ata 50 horas semanais.

Así mesmo, as horas medias son moi diversas de uns sectores a outros. No sector da educación non alcanza as 25 horas, na hostelería ascende a 50 horas e outros autónomos adicados o sector primario destinan unha media de 45,5 horas.

APE GALICIA

Tlf: 986891657

Móvil: 697.195.540

E-mail: info@apegalicia.es

Praza España N°1 Andar 1º Esq. Oficina 1 -
36002 Pontevedra



A finais do mes de xaneiro, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, presentou onte o Mapa de apoios do Igape 2018, que aglutina nun único documento todas as axudas que ofrece a Xunta ao tecido empresarial galego a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). A guía inclúe un calendario cos prazos abertos para a convocatoria destas axudas, os requisitos para acceder a elas e a súa dotación orzamentaria.

Este programa de axudas trata de apoiar ás empresas nas distintas fases da súa vida (creación, consolidación ou expansión internacional) para permitir un novo impulso á actividade económica xunto á Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais. O obxectivo destas axudas, complementarias co resto das iniciativas doutras administracións, é que innovación, competitividade e a internacionalización sexan os alicerces do desenvolvemento económico en Galicia e que permita xerar empregos de maior calidade.

Poden consúltalo tamén web do IGAPE, www.igape.es, ou nos servizos centrais de IGAPE en Santiago e nas oficinas territoriais do Instituto.

Mapa de apoios IGAPE 2018

PROGRAMA	ACTUACIÓN	AXUDA / SERVICIO	BENEFICIARIOS	EMPREDEDORES	EMPRESAS < 42 meses	AUTÓNOMOS	PEMES	GRAN EMPRESA	PRAZOS / CONVOCATORIAS 2018 por TRIMESTRE
EMPRENDEMENTO Da idea á decisión de crear a empresa	SERVICIOS	Información	Modelos de plan de negocio, guías de actividade						1º 2º 3º 4º
		Formación	Seminarios e talleres de difusión, espazos coworking, aceleradoras						1º 2º 3º 4º
		Asesoramento e consultoría	Unidade Galicia Emprende: orientación, avaliación, titulación PAE (Puntos de Atención ao Emprendedor)						1º 2º 3º 4º
CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN TEMPORA (Ata 42 meses)	SUBVENCIONES	Investimentos e gastos de posta en marcha	Galicia Emprende Galicia Rural Emprende						1º 2º 3º 4º
		FINANCIAMENTO	Préstamos	IFI Emprende					1º 2º 3º 4º
	SERVICIOS	Participación/ Préstamos participativos	XESGALICIA: Fondo GIE – Galicia Iniciativas Emprendedoras						1º 2º 3º 4º
		Asesoramento consultoría	Mentoring						1º 2º 3º 4º
DESENVOLVEMENTO E MELLORA	FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS	Subvencions	Galicia inviste: Proxectos de investimento						1º 2º 3º 4º
			Proxectos Piloto 4.0 (A través de Organismos Intermedios)						1º 2º 3º 4º
		Axudas á dixitalización Industria 4.0						1º 2º 3º 4º	
		Incentivos Económicos Regionais (Ministerio de Facenda: tramitación a través do Igape)						1º 2º 3º 4º	
	FINANCIAMENTO CIRCULANTE	Préstamos	IFI Industria 4.0 (permite financiamento de circulante)						1º 2º 3º 4º
			IFI Innova (permite financiamento de gastos de innovación e desenvolvemento)						1º 2º 3º 4º
	CAPITAL RISCO	Participación/ Préstamos participativos	BEI Igape Investimentos						1º 2º 3º 4º
			BEI Igape Circulante						1º 2º 3º 4º
	FORMACIÓN	Subvencions	RESOLVE						1º 2º 3º 4º
			XESGALICIA: Sodiga e Fondos						1º 2º 3º 4º
SERVICIOS	Asesoramento consultoría	Formación Industria 4.0 (A través de organismos intermedios)						1º 2º 3º 4º	
		Obradoiros dixitalización Industria 4.0 (A través de organismos Intermedios)						1º 2º 3º 4º	
		REACCIONA						1º 2º 3º 4º	
INTERNACIONALIZACIÓN	SUBVENCIONES	Acceso mercados	REACCIONA TIC						1º 2º 3º 4º
			Becarios Competitividade						1º 2º 3º 4º
	SERVICIOS	Información	Galicia Exporta Empresas						1º 2º 3º 4º
			Galicia Exporta Organismos Intermedios						1º 2º 3º 4º
SERVICIOS	Formación	Plan FOEXGA						1º 2º 3º 4º	
		Directorios, estudos de mercado, axendas						1º 2º 3º 4º	
SERVICIOS	Asesoramento/ Consultoría	Becarios Internacionalización						1º 2º 3º 4º	
		Seminarios e talleres						1º 2º 3º 4º	
ACTUACIONES EN COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS	FINANCIAMENTO	Asesoramento/ Consultoría	Apoio en destino, PEXGA						1º 2º 3º 4º
			MINECO: Préstamos de reindustrialización e competitividade						1º 2º 3º 4º
			MINECO: Programa de apoio a proxectos de I+D+i na Industria Conectada 4.0						1º 2º 3º 4º
	SERVICIOS	Asesoramento/ Consultoría	BEI directo grandes proxectos (permite financiamento de circulante)						1º 2º 3º 4º
			MINECO: HADA: Autodiagnóstico de dixitalización						1º 2º 3º 4º
			MINECO: Activa 4.0: Asesoramento e consultoría						1º 2º 3º 4º
			ICEX / CESCE: Servizos de apoio á internacionalización						1º 2º 3º 4º
SERVICIOS	Asesoramento/ Consultoría	XUNTA, IGAPE: Oficina Doing Business (Acompañamento de grandes proxectos)						1º 2º 3º 4º	
		IGAPE: Servizos de apoio á internacionalización						1º 2º 3º 4º	

Amplia a información de cada un destes programas en [igape.es](http://www.igape.es)